

# En Construcción

Xuño de 2020 | Edita FCM-CIG | Parque de San Lázaro, nº 12, 4º andar, 32003 Ourense | 988 615 192 | 649 942 831 | fcm@galizacig.gal | www.cig.gal

**sumario** ESPECIAL: A CIG denuncia a explotación da obras do AVE en Ourense. 2

**FCM CIG** 25 anos construíndo a Patria Galega. 3

A CIG non renuncia aos festivos de convenio polo "permiso retribuído". 3

Noticias breves. 3

CANARGA despide un delegado da CIG. 4

Grupo MALASA: Nin ERTE nin ERE! Noa en loita. 4

Afiliate á CIG. 4

Operarios descansando nun túnel do AVE tras desenvolver xornadas de 12 a 21 horas seguidas



326 OPERARIOS ESTAFADOS

70K HORAS EXTRA

1M€ ROUBADOS E DEFRAUDADOS

# A CIG DENUNCIA A ESCRAVITUDE NAS OBRAS DO AVE

As empresas abusan, as administracións fan a vista gorda

# A CIG denuncia escravitude e explotación laboral nas obras do AVE en Ourense



## A FCM alertou á Inspección de Traballo de 70 mil horas extras abusivas nesta obra pública inzada de accidentes e mortos



A FCM da CIG relanzou a campaña iniciada no 2018 para denunciar a vulneración masiva de dereitos laborais nas obras das novas vías do AVE entre Ourense e Lubián, en concreto no tramo máis próximo á Gudiña, onde se dan condicións de traballo que se poden calificar de escravitude e explotación laboral. A nosa central presentoulle á Inspección de Traballo un informe no que se detallan as preto de 70 mil horas extras abusivas nun ano, coa conseguinte fraude ao INSS.

Estes abusos acontecen ante a mirada impasíbel do Ministerio de Transporte (antigo Ministerio de Fomento) e da Xunta, que unicamente se preocupan polos anuncios electoralistas dos prazos de remate das obras, mentres que FCC, Ferrovial e unha mancha de subcontratas de Galiza, Portugal e do Estado español están a facer o seu agosto a conta dos 326 obreiros que nalgún momento foron explotados salvaxemente nestas obras, véndose obrigados a desenvolver unhas xornadas infinitas nunhas condicións absolutamente miserentas.

En canto á xornada, fixemos público un informe, extracto doutro máis amplo presentado á Inspección, sobre a xornada laboral nesta obra, cuxas conclusións son completamente demoledoras: os operarios/as veñen desenvolvendo unha media de 4,56 horas extras ilegais ao día, é dicir, 12 horas e media seguidas de traballo. Mais tamén hai operarios que chegaron ás 21 horas, duplicando e case triplicando a xornada legal, sendo a excepción os que cumpriron coas 8 horas fixadas no convenio.

A fraude acumula só desde maio de 2019 máis de 68 mil horas extras ilegais que as empresas nunca aboaron aos seus operarios nen cotizaron á Seguridade Social, coas que gañaron preto de 900 mil euros, suficientes para contratar 44 oficiais de primeira durante un ano enteiro.

Imaxinemos o alcance desta fraude tendo en conta que as obras comezaron no 2007.

A CIG po á disposición dos afectados para que poidan reclamar das súas empresas o case millón de euros que lles adebedan: hai 175 operarios que poden recuperar máis de 1000 euros e, en 18 casos, máis de 10 mil. Así mesmo, esiximos que as empresas fagan o abono íntegro das cotas defraudadas á SS.

### Sen WC nin auga potábel

Máis dunha decena de operarios traballaron todos os días durante febreiro e tamén en marzo: a alerta sanitaria do Covid-19 non fixo senón aumentar os abusos pois lonxe de reducirse medraron.

A FCM puido comprobar in situ as condicións de completa miseria e precariedade ás que están sometidos os traballadores. Non teñen auga potábel, aseos, vestiarios nen comedor en quilómetros, nen un vehículo para desprazarse aos que hai na entrada das obras, e antes de xantar só dispoñen de auga procedente dun rexistro de fecais. E de comer, un bocata frío na obra.

Por outra parte dentro dos túneles a iluminación é case nula e mala que o ruído é ensordecedor, non se usa protección auditiva. Os trens pasan cada pouco tempo a toda velocidade e sen apenas decelerar, a escasas distancia dos operarios das vías. Moitos traballadores inmigrantes viven amoreados en casas comúns alugadas na zona.

### Gran sinistralidade

Con esas condicións non é de estrañar o altísimo índice de sinistralidade na obra, moitos deses accidentes producidos unha vez superadas as 8 horas de traballo. A CIG ten rexistrados nestas obras un mínimo de 21 sinistros, que deixaron 9 operarios mortos e preto dunha trintena de feridos, incluíndo varias amputacións e atropelos graves.

Mais cremos que en realidade a cifra de sinistros aínda pode ser superior, pois temos constancia de que houbo algúns accidentes que non foron notificados, senón que cesaron ao operario accidentado por baixa voluntaria, "por non xustificar" a súa inasistencia.

A CIG xa denunciou en 2018 a elevada sinistralidade desta obra ao Xulgado, que iniciou dilixencias previas das que a CIG fai parte coma acusación particular.

### Traballo barato e precario

As empresas que participan nas obras foron conformando unha especie de bolsa de man de obra barata e submisa, conformada principalmente por varios centos de operarios da construción inmigrantes (como compañeiros portugueses, bolivianos, magrebís, filipinos, subsaharianos, etc...) ou ben desempregados de longa duración, que se vén obrigados a aceptar unhas condicións de traballo infrahumanas ao non ter outra alternativa, e que abandonan a obra á primeira oportunidade.

Para lograr este obxectivo as empresas estableceron un sistema de "premios" e "castigos" en número de xornadas traballadas, en función do que estean dispostos a tolerar os operarios sen rechistar, incluíndo faltas de respecto e mesmo insultos racistas. Os obreiros son literalmente chamados ou non cada día a traballar, sen saber case nunca se volverán a pisar a obra. Isto explica que mentras uns operarios desenvolveron centos de xornadas de traballo outros só sexan chamados esporadicamente, ás veces unha vez en todo o mes.

Deste xeito, ao final de cada xornada o operario non ten máis remedio que esperar unha nova chamada para traballar. Se xa non contan con el, aos tres días tramitan a "baixa voluntaria" simulando que foi o operario quen decidiu non se presentar na obra, omitindo o abono de indemnización e privándoos do dereito a paro.

O mesmo acontece coas persoas que chegan a atreverse a protestar polas condicións abusivas de traballo, ou cando a empresa descubre que están afiliados ao sindicato: son castigados non volviendo a ser chamados, e logo son dados de baixa voluntaria por "inasistencia" ao traballo, sen dereito a indemnización nin paro.

Ata temos constancia de que varias persoas abandonaron as empresas con cadros clínicos de trastornos psicolóxicos graves derivados da experiencia vivida nestas obras.

### Esiximos responsabilidades

O máis grave desta situación é que todo acontece nunha das maiores obras públicas de Galiza e do Estado, pagada cos cartos de todas nós. Mais as autoridades galega e estatal (PP e PSOE) só semellan preocupadas por adxudicárense o seguinte titular sobre a enésima promesa de chegada do AVE; porén case ninguén alén da CIG, que xa paralizou no 2018 as obras para denunciar a explotación, se ten feito eco do que está pasando.

En canto ás empresas, temos claro que alguén se está beneficiando -e moito- con esta situación, e na CIG non pararemos ata dar cos responsábeis. Polo momento sinalamos directamente a **Fomento de Construcciones y Contratas (FCC)** e **Ferrovial Agroman**, pois son as adxudicatarias dos tramos onde están a cometerse os atropelos. Estas dúas empresas españolas son adxudicatarias de boa parte da obra pública licitada en Galiza, e de feito FCC ocupa un lugar preeminente na patronal galega da Construción, formando parte da directiva de APECCO, á que adoita representar nas negociacións do convenio en Madrid. Que sexa unha das principais empresas construtoras que permita unha situación de escravitude nunha obra pública de primeira orde deba preocupar moito á nosa sociedade.

Logo están subcontratas galegas coma **MAQUISABA**, **VILARIÑO** e **GAZA URBAN**, españolas coma **EHA** ou **HERGON METROPOLITAN**, ou lusas coma a **ETT MY WORK**, empresas ás que pertencen os operarios explotados. Todas elas foron denunciadas xa pola CIG ante a Inspección de Traballo nas súas respectivas direccións provinciais, mentras avaliamos as posibles respostas sindicais e mesmo xudiciais ante esta situación que ten que rematar xa.

A CIG ponse á disposición de todos os operarios afectados no teléfono 649 942 831 ou no correo-e [fcmm@galizacig.gal](mailto:fcmm@galizacig.gal) para rematar cos abusos nesta obra e reclamar o diñeiro que vos defraudaron.

**AFÍLIATE E LOITA COA CIG!**

### Lista de obreiros estafados

JMGB.....	20.748,00 €
AN.....	14.254,50 €
KMB.....	14.254,50 €
LBD.....	14.254,50 €
RR.....	14.254,50 €
RB.....	14.228,50 €
MAMM.....	13.526,50 €
JMSR.....	13.117,00 €
MAG.....	12.941,50 €
EDD.....	12.935,00 €
EBT.....	12.649,00 €
DVF.....	11.986,00 €
RAVV.....	11.557,00 €
JAPC.....	11.440,00 €
AIC.....	11.297,00 €
IAM.....	11.258,00 €
AAPV.....	10.699,00 €
ALR.....	10.647,00 €
CAPA.....	9.789,00 €
JIC.....	9.776,00 €
AGC.....	9.607,00 €
DCN.....	9.327,50 €
JNM.....	9.230,00 €
AGV.....	9.067,50 €
ABF.....	8.625,50 €
NTA.....	8.528,00 €
PEC.....	8.385,00 €
DIPP.....	8.229,00 €
MMR.....	7.930,00 €
RJPS.....	7.579,00 €
JMF.....	7.358,00 €
FJGB.....	7.306,00 €
CFGDC.....	7.137,00 €
MRAM.....	7.124,00 €
AHM.....	6.968,00 €
JID.....	6.617,00 €
CA.....	6.539,00 €
RES.....	6.513,00 €
EAV.....	6.487,00 €
JAAR.....	6.487,00 €
NC.....	6.474,00 €
RC.....	6.448,00 €
CJR.....	6.409,00 €
RDE.....	6.331,00 €
BDGC.....	6.298,50 €
JMGG.....	6.253,00 €
GP.....	6.201,00 €
HB.....	6.155,50 €
DAZ.....	6.103,50 €
AMAS.....	5.954,00 €
RAA.....	5.843,50 €
HFZ.....	5.707,00 €
CPF.....	5.564,00 €
JRR.....	5.551,00 €
HAG.....	5.356,00 €
DDDJ.....	5.291,00 €
JVV.....	5.200,00 €
DVPC.....	5.187,00 €
RMDSL.....	5.109,00 €
AHM.....	5.096,00 €
MALP.....	5.096,00 €
DJSF.....	5.083,00 €
AASM.....	4.875,00 €
PMMF.....	4.849,00 €
FJVT.....	4.823,00 €
AGA.....	4.706,00 €

(Hai 260 afectados máis)

# A FCM cumpre 25 anos a construír a Patria Galega



A FCM (Federación de Construción e Madeira) da CIG fundouse no 1º Congreso Nacional que tivo lugar en Compostela o 28 de maio de 1994, no que se uniron o Sindicato Obreiro da Construción (SOC), afín ao SOG-INTG, e o SOCG, afín á CXTG, que á súa vez xurdiron na clandestinidade durante a Folga Xeral da Construción que estoupou en Galiza en setembro de 1976 para esixir un novo Convenio do sector, plantando cara ao sindicato vertical franquista e rompendo coa

dinámica centralizadora que trataban de impoñer UGT e as CCOO no novo movemento obreiro.

## Galiza ceibe sen explotación

Os signos de identidade da FCM son a defensa da soberanía nacional galega, a normalización plena do noso idioma e a construción dun estado socialista galego; a idea da mobilización e a loita obreira como único medio de acadar melloras reais para a clase traballadora; a loita por postos de traballo digno, con salarios xustos, na nosa Terra; a defensa de Convenios Galegos en todos os sectores e do marco galego de negociación colectiva, fronte á negociación centralizada en Madrid, os pactos sociais e demais formas de entreguismo que practican os grandes sindicatos estatais; e o combate implacábel

contra a precariedade laboral, a sinistralidade e as enfermidades propias do sector coma a silicose.

## Loita obreira para avanzar

Esta filosofía levounos á convocatoria de numerosas mobilizacións e dunha multitude de Folgas de empresa, de sector e mesmo xerais, conxuntas e en solitario, que serviron para, progresivamente, ir dignificando o traballo nun sector precarizado e moi afectado polas lacras das crises cíclicas do capital, a sinistralidade, as enfermidades laborais ou a man de obra infantil.

## Do soño aos feitos

25 despois de que unha mancha de operarios a crearan a FCM xa é, grazas ao esforzo e o compromiso de milleiros de compañeiros e compañeiras en centos de obras e



centros de traballo do noso País, a primeira organización sindical galega no sector da Construción e a Madeira, tanto en afiliación como en representación sindical, a nivel nacional e tamén en case todas as comarcas e actividades que abarca a nosa Federación: Obras públicas, construción, cementos e derivados, tellas e tixolos, lousas, aplicación de pinturas, xesos e escaiolas, mármore e pedras, canteiras, vidro e cerámica, fabricación de

mobles, aglomerados, serradoiros, almacenistas de madeira, carpintería, ebanistería e carpintería de ribeira, entre outros. É por iso que desde a FCM CIG facemos un chamamento a todas e todos os traballadores do sector a seguir a organizarse na Federación da Construción e Madeira para seguir construíndo unha Galiza ceibe e sen explotación.

## Afiliate e loita coa FCM-CIG!

# A CIG négase a sacrificar os festivos-convenio para recuperar o permiso retribuído

CCOO, UGT e patronal asinaron na Coruña un acordo que elimina os festivos de convenio do Calendario Laboral da Construción da provincia, para “devolver” o permiso retribuído fixado polo goberno español no Real Decreto Lei 10/2020 de 29 de marzo.

A FCM-CIG, sindicato maioritario do sector, estamos en total desacordo con esa idea, pois supón facer *tabula rasa*, ignorar o que di o decreto e tamén os preacordos que xa existan entre empresas e persoal: hai tantos casos como operari@s traballando no sector. Esa solución salomónica non nos protexe, déixanos indefensos.

## Motivos do “non” da CIG

1. O acordo aínda non está publicado, e aínda que chegue a publicarse, pode que sexa nulo, pois a CIG estuda impugnal.

2. O pacto ignora ao persoal que traballou durante o permiso, con vacacións atrasadas pendentes, que traballaron sábados e festivos e con horas extras sen cobrar, contratados despois do estado de alarma, ou que finalizarán o seu contrato en breve. Por que teñen eles que devolver nada? Ademais todos sabemos que na Construción o raro é facer as 8 horas de luns a venres. O máis seguro é que, aínda unha vez descontados os permisos, aínda vos deban días a vós.

3. Como se vai devolver un día normal hora por hora con traballo en días festivos? Igual que unha hora extraordinaria non se paga ao mesmo prezo que unha hora normal, senón cun recargo superior ao 125%, non se pode pretender que a compensación sexa de hora por hora se ser en festivo ou fin de semana.

4. O calendario laboral segue en vigor e non pode cambiarse sen acordo de todos os asinantes, incluíndo a CIG. Cada empresa si que pode fixar o seu calendario.

## Cal é a alternativa da CIG?

A CIG sempre tentou chegar a un acordo máis beneficioso e garantista para a xente, que consiste en deixar que as empresas e traballadores pacten a recuperación de xornada, igual que se pactan as vacacións por exemplo, e que é exactamente o que o Real Decreto di que se debe facer. Así pódense ter en conta todos os casos diferentes.

A nosa proposta era fixar criterios claros para esa a compensación, pois o convenio non regula a equivalencia da hora extra con respecto á hora normal. A CIG pedía que os criterios para esa

recuperación sexan o 150% de luns a venres (1 hora de traballo = 1,5 hora recuperada), ou o 200% en fin de semana ou festivo (1 hora traballada = 2 horas recuperadas).

## Poden obrigarnos a traballar nos festivos de convenio?

Nin empresas, nin UGT nin CCOO son ninguén para obrigarnos a traballar os festivos de convenio. O Calendario da Construción de 2020 para a provincia da Coruña foi asinado en outubro de 2019 por todas as partes e non poden cambiálo sen acadar o mesmo consenso. Ademais o decreto fixa exactamente como debe facerse esta recuperación, que é mediante o pacto entre as empresas e o seu persoal, unha vez que se levante o estado de alarma: así pódense ter en conta todas as casuísticas que se poden dar no noso sector.

## E se finalizo o contrato?

Algunha empresa non puido facer recuperar o permiso retribuído ao persoal que acababa o contrato, e intentou descontarlles cartos do finiquito. A CIG defende que non poden facelo así, e poñémonos a disposición de todos os afectados para reclamar eses cartos.

## Que facemos na empresa?

Se hai que recuperar, páctao coa empresa tendo en conta todo isto.

## Prioridade: acabar co virus

A FCM-CIG seguirá vixilante, defendendo a saúde do persoal do noso sector e superar o Covid-19 sen que iso supoña renunciar a dereitos laborais, pois é a nosa única prioridade ante quen trate de servirse desta crise no seu propio beneficio. Xa basta de que os obreiros paguemos sempre o pato!

## Noticias breves ★ Noticias breves ★ Noticias breves ★ Noticias breves ★ Noticias breves

### A FCM-CIG vence nas EESS

A Federación da Construción e Madeira da CIG alzouse coa vitoria no proceso de Eleccións Sindicais 2016-2019 por 1ª vez, ao obter o 36% da representación do sector, ante un 35% de UGT e un 25% de CCOO, segundo os datos oficiais.

Ademais a FCM gañou en case todas as comarcas de Galiza; cabe destacar que dos 5 mellores resultados porcentuais obtidos pola CIG no País, 4 son da FCM.

### Gañamos tamén na Finsa

Unha das noticias que máis nos congratula a nivel das Eleccións Sindicais foi a vitoria electoral da CIG no colexio de especialistas da Finsa en Compostela, a 1ª vez na historia que presentamos lista.

Axiña daremos a benvida aos novos membros do Comité nunha próxima reunión de **CIG Taboleiros**, que aglutina a nosa representación nas industrias galegas do taboleiro de madeira e aglomerado.

### Ante o Covid, loita obreira!

A FCM-CIG quere expresar o pesar pola perda de centos de vidas a consecuencia do coronavirus, e o noso agradecemento a todo o persoal que en plena alerta seguiu traballando para atallar a crise e evitar consecuencias aínda peores.

A CIG mantívose en todo momento activa e vixilante ante os abusos de certas empresas sen escrúpulos que tentaron aproveitar isto para recortar dereitos do seu persoal.

### O Covid-19 evidenciou a vulnerabilidade do sector

Durante esta crise a CIG presentou múltiples denuncias á Inspección, sobre todo contra infraccións en materia de seguridade e os abusos perpetrados por certas empresas.

A falta de EPIs, o traballo en espazos confinados e as viaxes ás obras en coches compartidos multiplicaron o risco de contaxio. Outras empresas aproveitaron para aplicar ERTE e ERE abusivos.

### A FCM ante o 12 de xullo

Esta pandemia demostrou que as problemáticas da clase obreira son compartidas a nivel internacional, e que a resposta e a gravidade das consecuencias da crise varían en función do modelo social, político e económico asumido polo Estado.

O 12 de xullo hai eleccións na nosa nación e a FCM pide o apoio para forzas que defendan para a Galiza un cambio de modelo en clave soberanista e de clase.

# No Grupo MALASA, nin ERE nin ERTE! Noa en loita!

## O comité de Noa denuncia que MALASA pretende desmantelar a empresa

O comité de Noa Madera Creativa, factoría de Fene recentemente adquirida polo grupo MALASA, iniciou un intenso calendario de mobilizacións para denunciar que a nova dirección empresarial vén de presentar un expediente de regulación extintivo para a metade do persoal (unhas 90 persoas) e un expediente de regulación temporal de 15 meses de duración que afectaría a outra metade dos traballadores e das traballadoras. Esta medida vén a afondar na política de desmantelamento da empresa iniciado por Malasa xa que, na práctica, supón o peche das instalacións de Vilar do Colo (Fene), nas que traballan arredor de 180 persoas.

Pero á gravidade desta situación, explica o comité, "hai que engadir que para despedir e regular temporalmente ao persoal, alegan causas económicas e de produción, nin sequera se acollen á forza maior provocada pola Covid19, o que limitaría a duración do ERTE á vixencia do estado de alarma, non lle correría o desemprego ao persoal afectado e unha vez reincorporado ao traballo ninguén podería ser despedido cando menos durante seis meses".

A representación social critica que "ningunha destas medidas postas a disposición das empresas para minimizar o impacto desta pandemia son tomadas en

consideración por parte dos propietarios de Noa. Simplemente se aproveitan desta situación para aforrar cartos, despedir impunemente e desfacerse dun cadro de persoal que ten uns dereitos e unha antigüidade que a fai menos dócil e explotábel".

Cómpre non esquecer que o grupo Malasa traballa para marcas como Inditex ou Adidas, empresas que adoptaron medidas para minimizar o impacto desta crise sobre o persoal e que outros grupos do sector, aínda optando por levar adiante un ERTE, "fixérono alegando causas de forza maior, limitando a súa duración á vixencia do estado de alarma e evitando así que o persoal afectado gastase a prestación por desemprego".

### Feijóo considera a MALASA unha "empresa exemplar"

Mentras os operarios están a mobilizarse para denunciar o mal comportamento da súa dirección, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, aproveitou unha comparecencia parlamentar para calificar a esta empresa coma "exemplar", nunha alocución que foi retransmitida en directo polos medios de comunicación públicos



galegos. Cabe lembrar que un dos novos conselleiros do grupo MALASA despois da operación especulativa de GPF Capital é José Ruiz-Gallardón Utrera, fillo do ex-alcalde de Madrid polo PP.

A CIG pregúntalle ao presidente da Xunta, xa unicamente centrado en renovar o seu mandato, se isto é o concepto que ten dunha empresa modélica, porque de ser así enténdese que este tipo de personaxes tan sinistros poidan campar ás súas anchas, facendo o que lles peta coas vidas de centos de operarios e operarias galegas.

### Grave conduta antisindical

O abuso en materia de xornada e o impago de miles de horas extras, denunciadas en moitas ocasións pola CIG ante os tribunais e a autoridade laboral, xa son vellas coñecidas neste Grupo, no que está absolutamente instaurada a furibunda oposición a calquera forma de presenza sindical real. De

feito carece de Comité de Empresa malia rondar o medio milleiro de empregados e empregadas, que desenvolven obras en máis de 80 países nunha situación de total precariedade, e coa participación directa de moitísima man de obra portuguesa explotada vilmente por un coñecido pirata do sector, e cobrando a 5 ou 6 euros a hora.

Malia todo, só unha vez en toda a historia do grupo empresarial chegaron a convocarse sequera unhas Eleccións Sindicais. Foi no 2009: a CIG iniciou o proceso en **Armarios de Galicia** (empresa hoxe integrada en Comercial Malasa). Mais a dirección manobrou desde o principio para tentar desarticular a candidatura de 5 persoas que se presentaran pola CIG, primeiro despedindo de xeito fulminante a catro candidatos e logo acosando á quinta ata lograr que marchara da empresa polo seu propio pe. Así a dirección logrou que gañara as Eleccións o seu encargado xeral, que se presentaba por CCOO.



## CANARGA represalia co despido un delegado da CIG

A coruñesa CANARGA vén de despedir un delegado da CIG en represalia pola súa intensa labor sindical en defensa dos seus compañeiros. Luis foi o candidato máis votado nas EESS celebradas en 2018, e comezou desde o minuto cero a reclamar dereitos

que desde hai anos a empresa non recoñecía, coma a e da "novena hora" que se está facendo gratis, así coma o abono da media dieta cando non comen nas súas casas.

A CIG impugnou este despido por causa da súa nulidade, e activou un calendario de mobilizacións

para lograr a readmisión de Luis no seu posto de traballo de chofer.

CANARGA é unha das grandes empresas galegas de estendido de aglomerado, e opera en obras públicas de toda Galiza. Ademais é unha das empresas que dirixen a patronal coruñesa da construción.



## ★ Contacta con nós ★

### Ourense (sede nacional)

Parque de San Lázaro 2, 4º andar  
988 615 192 · 649 942 931  
fcm@galizacig.gal

### A Coruña

Av. Alfonso Molina, Edif. Sind., 6ª  
981 169 811 · 609 020 550  
fcmcoruna@galizacig.gal

### Ferrol

Eduardo Pondal 41-43, entrechan  
981 358 750 · 657 601 413  
fcmferrol@galizacig.gal

### Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 10  
981 564 300 · 627 912 542  
fcmcompostela@galizacig.gal

### Lugo

Ronda da Muralla 58, baixo  
982 225 812 · 618 313 635  
fcmLugo@galizacig.gal

### Pontevedra

Rúa Pasantería 1, baixo  
986 852 950 · 678 469 472  
fcmPontevedra@galizacig.gal

### Vigo

Av. Gregorio Espino 47, entrechan  
986 827 900 · 626 653 783  
fcmvigo@galizacig.gal

### FCM na Rede

facebook.com/fcmcig  
twitter.com/fcmcig  
instagram.com/fcm.cig

## ★ Afiliate á CIG para defender os teus dereitos ★

Ao afiliarte terás asesoramento sindical en calquera aspecto que teña que ver co mundo do traballo e acceso á nosa Asesoría Xurídica.

Para iso debes cubrir unha **ficha de afiliación da CIG** que podes conseguir dos seguintes xeitos:

★ Pídeaa nun local da CIG.

★ Descárgaa na nosa páxina web [cig.gal/ficha-afiliacion.html](http://cig.gal/ficha-afiliacion.html) ou escanea o seguinte código QR:



★ Cubre o seguinte formulario, recórtao e mándano por correo a: **FCM-CIG. Parque San Lázaro 12, 4º andar, 32003 Ourense**

Nome e apelidos

Correo electrónico / Teléfono móbil / Enderezo postal

Localidade de residencia

Concello

Empresa

Nº de trab. Hai Comité?

\_\_\_ Si \_\_\_ Non

Convenio: \_\_\_ Construción, \_\_\_ Carpintería, \_\_\_ Cemento, \_\_\_ Pedra, \_\_\_ Aserradoiro, \_\_\_ Pintura, \_\_\_ Vidro/Cerámica, Outro: \_\_\_\_\_

SI autorizo á FCM-CIG a usar estes datos para contactarme.

Eercicio de dereitos ARCO: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 10. 15703 - Compostela